



CONVENIO ENTRE A FUNDACIÓN EMPRESA-UNIVERSIDAD GALEGA (FEUGA) E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) PARA A HABILITACIÓN DUN ESPAZO COMÚN PARA CLUSTERS (AT CLUSTERS ESPAZO GALICIA)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Xosé Eladio Otero García, subdirector de Desenvolvemento de Negocio do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape)

DECLARA:

Que este instituto ten previsto formalizar coa Fundación Empresa-Universidade Galega (Feuga) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de tres anos desde a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

- A habilitación nas instalacións de Feuga en Santiago de Compostela dun espazo para o establecemento de clusters galegos interesados en compartilo e colaborar entre eles. Este espazo denomínase **AT Clusters Espazo Galicia**.
- O Igape apoiará a labor de Feuga coa finalidade común de fomentar o desenvolvemento empresarial galego e a economía social e produtiva de Galicia.
- Así mesmo, que en virtude do presente convenio, o Igape e Feuga comprométense a colaborar no fomento da innovación e transferencia tecnolóxica, desenvolvemento e execución de programas de formación e de bolsas de Feuga, nos termos do presente convenio, dando acceso á devandita colaboración aos cluster, coa finalidade común de fomentar o desenvolvemento económico e empresarial galego; actuando en ambos os dous casos Feuga como axente dinamizador dos clusters.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- O Igape vén desenvolvendo una liña de traballo continuada cos clusters de Galicia pola súa importancia para a economía dunha rexión e o seu crecemento socio-económico, en sintonía coa intención da Xunta de Galicia de utilizar aos clusters como pancas do desenvolvemento de Galicia, tal e





como recolle a Lei 13/2011, de 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia, e considerando que os clusters dos diferentes sectores económicos e estratéxicos poden xerar unha colaboración que permita abordar proxectos conxuntos de todo tipo: actividades de difusión e fomento do sector, proxectos de I+D+i, de creación de capacidades compartidas, a xeración de sinerxías, o impulso da innovación, a mellora da competitividade e a promoción económica do sector son as razóns de ser dos clusters.

- Feuga, na procura da dinamización das relacións entre os axentes dos distintos sectores socioeconómicos e como estrutura para fomentar e facilitar a cooperación en actividades de I+D entre investigadores e empresas, conta cunha sede privilexiada localizada no Campus Vida de Santiago de Compostela, e cun espazo de servizos nun edificio que integra as máis modernas e avanzadas tecnoloxías, instalacións e medios que permiten albergar no seu interior, en cumprimento dos seus fins fundacionais, proxectos empresariais que nacen no ámbito universitario ou empresarial e, ao mesmo tempo, poñer a disposición dos distintos sectores socioeconómicos que poden facer crecer a economía galega, un espazo en aluguer temporal para utilizar como centro de operacións e negocios. Deste xeito, quen acceda aos citados servizos disporá de infraestruturas e medios dun elevado valor para a posta en marcha de proxectos emprendedores e para a dinamización económica doutros.
- Ambas organizacións comparten un interese común pola presenza de clusters galegos nas instalacións de Feuga: o Igape busca a xeración de proxectos colaborativos inter cluster e o fortalecemento destes mediante a compartición de recursos e a aplicación de metodoloxías comúns de traballo. Feuga persegue a cercanía coas pancas de desenvolvemento de proxectos nas que poida canalizar resultados de transferencia de coñecemento das tres universidades galegas á empresa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, a XX de novembro de 2022.

